

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

CREAR



PRESENTACIÓN

20 XAN

FLUXOGRAMA

Ana Carreras e Ramón Illobre

Inside 2012

Intervencións na Cidade da Cultura

Dossier de prensa

Marlon de Azambuja

Elena Fernández de Prada

Alicia Martín

Pamen Pereira

Jorge Perianes

Damián Ucieda

+ Proxecto colectivo.

I Encontro de artistas novos

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

CREAR



| INTRODUCCIÓN

A Cidade da Cultura de Galicia échese de vida. Exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, encontros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate, etc. Todo un programa cultural dirixido a estimular a creatividade e o coñecemento.

O complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás de Santiago ponse en marcha como un novo espazo para VISITAR, un territorio onde EXPLORAR todas as súas posibilidades culturais e artísticas, unha factoría onde CREAR novos proxectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, e unha infraestrutura disposta a SUMAR os seus recursos aos proxectos máis innovadores. Un programa cultural que pon toda a beleza arquitectónica e recursos deste proxecto ao servizo da cultura.



CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

CREAR



| FLUXOGRAMA

A Cidade da Cultura de Galicia convida os visitantes a convertérense nos primeiros artistas en expoñer a súa obra nas paredes do Museo de Galicia a través de FLUXOGRAMA, un proxecto creado por Anna Carreras e Ramón Illobre co que o público poderá xerar unha obra e expoñela de forma virtual no aínda cubo branco do Museo. Con FLUXOGRAMA complétase a exposición INSIDE na que, dende o pasado 16 de decembro e ata o vindeiro 16 de abril, oito intervencións de artistas contemporáneos REINVENTAN espazos arquitectónicos exteriores e interiores do complexo do Gaiás.

Cos dedos como pincel e unha estación de debuxo táctil como soporte, o público que se achegue ao Museo poderá facer o seu debuxo convertendo as pequenas partículas que aparecen na pantalla –tantas como número de habitantes de Galicia– en trazos cos que conformar a obra final. O resultado proxectarase sobre as paredes do museo para que poida ser contemplado por todos os visitantes.

A idea da intervención FLUXOGRAMA parte do seu propio significado: DIAGRAMA DE FLUXO ou representación gráfica dun algoritmo ou proceso, e que é tamén a base de calquera software. Mais FLUXOGRAMA alude tamén a FLUXUS, un movemento artístico de especial desenvolvemento en manifestacións plásticas, literarias e musicais e que tivo o seu momento máis activo entre as décadas dos sesenta e os setenta. O movemento FLUXUS declarouse contra o obxecto artístico tradicional de mercadoría e pretendía facer un uso distinto dos canles oficiais da arte que consideran un impedimento para a liberdade creativa. Foi o artista lituano Georges Marcionas quen empregou por primeira vez este termo latino que significa FLUÍR, DEIXAR CORRER.

FLUXOGRAMA é, ademais, unha das intervencións artísticas coas que se dinamizarán os espazos do Museo de Galicia antes da súa inauguración. O público pode dende hoxe acceder libremente –sen necesidade de inscribirse na web– e admirar a beleza dun edificio considerado unha XOIA ARQUITECTÓNICA do século XXI antes de que os seus espazos sexan ocupados polas pezas da primeira exposición: GALLAECIA PETREA.



CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

CREAR



INSIDE

A Cidade da Cultura de Galicia convida a repensar e intervir os seus espazos a creadores contemporáneos. Marlon de Azambuja, Elena Fernández Prada, Alicia Martín, Pamen Pereira, Jorge Perianes, Damián Ucieda, Anna Carreras e Ramón Illobre e o proxecto resultante da convocatoria realizada durante o I Encontro de Artistas Novos CIDADE DA CULTURA celebrado no pasado mes de setembro inician unha liña de traballo que pretende achegar o complexo cultural aos creadores contemporáneos, co obxectivo de converter o lugar no escenario dos seus traballos.

A Cidade da Cultura de Galicia inaugura a actividade do seu ciclo programático CREAR, cuxa narración depende directamente do creador contemporáneo que dotará de vida e repensará en cada un dos seus actos a nova urbe. E é que, a inicios de 2011, o complexo do Monte Gaiás converteuse nun organismo vivo e apaixonado que alude directamente á acción do home como ente que o modula: desde os seus técnicos aos seus poetas, desde os seus habitantes aos seus pintores, defensores ou detractores, a cidade eríxese xa ante nós como unha obra cuxos alicerces son máis as ideas e esperanzas que a pedra e o formigón.

No alto do outeiro, a Cidade da Cultura de Galicia agarda a ser habitada –invadida– por toda aquela enerxía que converterá en cultura; pola materia inerte que tornará en símbolos vivos da arte; por todo o que, finalmente, acabe nomeándoa como CIDADE CREATIVA. Co proxecto INSIDE, a institución sèrvese de artistas contemporáneos para reinterpretar os espazos de seu, que axudarán o visitante a percorrer, explorar e enchouparse da dinámica dos seus posibles e imposibles; entender e asumir as súas desilusións para tomar posición e contribuír a elevar os seus potenciais: Marlon de Azambuja, Elena Fernández Prada, Alicia Martín, Pamen Pereira, Jorge Perianes, Damián Ucieda, Anna Carreras e Ramón Illobre e o proxecto resultante da convocatoria realizada durante o I Encontro de Artistas Novos CIDADE DA CULTURA interveñen coa súa invasiva creatividade os espazos do recinto para debuxalos con novas solución e ambicións.





MARLON DE AZAMBUJA

1978, Sto. Antônio da Patrulha-RS, Brasil

Vive e traballa en Madrid

www.marlondeazambuja.com

A obra de Marlon de Azambuja relaciónase coa poética do brasileiro MOVIMENTO CONCRETO, do que retoma intereses como a síntese do complexo e a identidade aberta dun contorno que agora é o protagonista, non só desde a súa presenza física, senón tamén psicolóxica. O resultado son intervencións efémeras onde se potencia o carácter escultórico que encerran os obxectos que habitan no espazo. Boa proba diso son os seus últimos traballos presentados en exposicións como 12th International Cairo Biennale (2010), Potencial escultórico, (Matadero, Madrid, 2009), ou Construir, habitar, pensar. Estrategias para el arte y arquitectura contemporáneos (IVAM-Instituto Valenciano de Arte Moderno, España, 2008).

Operacións

2011

Instalación

Medidas variables

Colaboradora: *Iciar Sagarmínaga*

O proxecto de Marlon de Azambuja intervéñen sobre o corredor de entrada que lle dá acceso ao público ao edificio do Arquivo de Galicia. Sobre el dispón un gran número de felpudos en formas rectangulares e de cor moi viva que conforman na súa maioría unha cuadrícula ordenada e medida, a excepción doutros tantos que se desmarcan da orde establecida e provocan o desequilibrio. A orde fai referencia á propia cuadrícula sobre a que se asenta a arquitectura do complexo, mentres que a cor e a disposición conectaranse directamente coa figura de Helio Oiticica e proxectos como Metaesquemas e Penetrables; con iso e con todo, o desgobierno das súas pezas provoca no espectador unha nova experiencia sensorial sobre o contorno arquitectónico e institucional.

ELENA FERNÁNDEZ PRADA

1978, León, España

Vive e traballa en Vigo

www.elenafernandezprada.com

O traballo de Elena Fernández Prada céntrase en observar e representar un tipo de COTIÁN ALTERADO, en concreto as edificacións de tipo unifamiliar que adoitan poboar a paisaxe rural de Galicia. Escapando de calquera xuízo de valor, a súa aproximación a esta realidade é, pola contra, de carácter lúdico e sumamente intuitivo: escenificacións onde se ordenan distintos elementos de clara precariedade para, cunha mirada amable e lixeira, construír unha nova ficción. O seu traballo viuse en mostras como Os pasos perdidos (Fundación Laxeiro, Vigo, 2010), Existencias (MUSAC-Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, León, 2007) ou O feito fotográfico (MARCO-Museo de Arte Contemporánea de Vigo, 2004).

Vivenda rural II

2011

Instalación

Medidas variables

Colaboradores: *Tamara Feijóo, Miguel Cuba*

O proxecto de Elena Fernández Prada nace dunha primeira proposta que a artista realizara para a Bolsa de Creación MUSAC na súa edición de 2006, unha serie de pezas realizadas en acuarela sobre papel e consistentes en acumulacións verticais de vivendas rurais que acababan conformando improvisados e quiméricos rañaceos. Para este proxecto, as columnas de entrada da Biblioteca de Galicia substitúen o orixinario soporte do papel polos elementos dunha arquitectura monumental que se erixen como as superficies idóneas sobre as que despregar unha serie de motivos que aluden á paisaxe galega e que terminan por envolver o espectador nunha experiencia perceptiva fantástica, desacougante e, sobre todo, lúdica.



ALICIA MARTÍN

1964, Madrid, España
Vive e traballa en Madrid

Unha das constantes que caracteriza a obra de Alicia Martín é o emprego case obsesivo do libro como materia prima. A metáfora do tempo, a ocupación do espazo, a relación da arte contemporánea coa cultura, a memoria bibliográfica como representación física do coñecemento ou a ética como cuestionamento de todo aquilo que se ensina son algúns dos elementos que configuran o seu imaxinario e que vén despregando a través de diferentes medios como o debuxo, a fotografía, o vídeo, a escultura e, sobre todo, a instalación, da que boa proba son Palíndromo (Prize Goncourt des Lycees, finac Montparnasse, París, 2007) e Biografías (Casa América, Palacio Linares, Madrid, 2005).

Singularidade

2011
Instalación
Medidas variables

Con Singularidade, Alicia Martín sitúase nun espazo que se configura como absolutamente acaído para a poética da artista: a entrada porticada do Arquivo de Galicia. Unha vez máis e, como en gran parte das súas obras, mediante o uso do libro como principal materia prima, volve resaltar o papel divulgativo da obra escrita, pero tamén o exceso de información nas sociedades actuais. E é que as bibliotecas e os arquivos se constrúen por acumulación de saberes e a súa clasificación é o primeiro paso cara á aprendizaxe eficiente. Pero toda categoría é arbitraria e os libros de Alicia Martín, no seu neurótico e succionador remuíño, lembran que a biblioteca non distingue o transcendental do mediocre. Un remuíño, a modo de lectura múltiple e confusa, alude a que a sociedade da información actual pode converterse nunha segunda Torre de Babel. A cultura precisa dunha interpretación para chegar a ser coñecemento. Sen isto, cada libro sería un libro infinito, un minotauro perdido nunha librería inútil.

PAMEN PEREIRA

1963, Ferrol, España
Vive e traballa en Valencia
www.pamenpereira.com

A obra de Pamen Pereira móvese entre o pictórico e o obxectual, entre as relacións do mundo simbólico e o natural. Os seus comezos, a mediados da década dos oitenta, están marcados polo uso de elementos de contido simbólico como a auga, o aceite e a luz, cos que realiza instalacións cun forte compoñente poético que perdura na súa obra posterior. Obras cargadas de simboloxía que toman como punto de partida elementos da natureza e obxectos domésticos e que teñen o seu máximo expoñente en intervencións como This is a love story (CAB-Centro de Arte Contemporáneo de Caja de Burgos, 2009) ou Un solo sabor (La Gallera, Valencia, 2002).

O invernadoiro da temperanza

2011
Instalación
Medidas variables
Colaboradores: Antonio Sanmartín+Elena Cánovas, ASZ Arquitectos

No ano 2000, que viu o comezo das obras no Monte Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, desaparecía o amigo e compañeiro de Peter Eisenman en The New York Five, John Hejduk. O malogrado arquitecto deseñara en 1992 unhas torres botánicas para o parque compostelán de Belvís que nunca chegaron a erixirse. Posteriormente, Eisenman propuxo a inclusión e construción do proxecto de Hejduk na nova urbe, en memoria ao seu autor. As torres, un monumento conmemorativo, foron lidas dentro do programa urbano de Eisenman como a transposición das dúas torres orixinais da catedral románica da cidade de Santiago de Compostela. A obra de Pamen Pereira, O invernadoiro da temperanza, propón recuperar para as dúas torres o seu uso orixinal, para as que foron concibidas polo propio Hejduk. Especial mención debe facerse a que no proceso a artista contou coa filla do malogrado arquitecto e co seu principal colaborador en España, Antonio Sanmartín.



JORGE PERIANES

1974, Ourense, España
Vive e traballa en Vigo

Aínda que formado como pintor, na actualidade Jorge Perianes formaliza a súa práctica artística sobre todo nos xéneros da escultura e a instalación. A súa obra, profundamente simbólica e metafórica, reflexiona sobre a natureza, os animais e o ser humano desde temas que nos afectan na época actual: o fragmento, a ruína, o baleiro, o home-neno, a ambigüidade, a inseguridade, a alienación, a melancolía ou o desengano. As súas intervencións víronse en exposicións como Categorías (Matadero, Madrid, 2011), 7+1 Project Rooms (MARCO-Museo de Arte Contemporánea de Vigo, 2008) ou Existencias (MUSAC-Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, León, 2007).

Sen título

2011
Instalación
Medidas variables

Para Jorge Perianes a pedra forma parte deses obxectos que poden axudarnos a entrar en contacto cos nosos desexos. É que a pedra está na orixe do proceso creativo dalgunhas persoas que se dan á creación de maneira repentina. Así acontece na historia do carteiro Ferdinand Cheval, a quen unha pedra lle valeu de detonante para entregarse á tola tarefa de construír un palacio ideal que se lle aparecera en soños; e nunca consideraría a posibilidade de darlle forma a esa visión de non ser porque un día topou unha pedra cuxa estraña forma lle resultou fascinante. Nesta obra, Perianes sèrvese daquela aparente inercia da pedra que xa non serve, que sobra, dun proceso de construción edilicia, para deitar novos desexos.

DAMIÁN UCIEDA

1980, A Coruña, España
Vive e traballa na Coruña
www.damianucieda.com

A obra de Damián Ucieda entréganos a ollada máis comprometida coa nova fotografía narrativa, na que a posta en escena dos personaxes, a iluminación e as marcas de autor son claves para a construción dunha VERDADE paralela e desacougante, invadida por enigmas e cuestións sen resolver. A súa obra viuse en exposicións como Fiction & Reality (Moscow Museum of Modern Art, Moscova, 2011), ENLACE+5 (Museo Patio Herreriano de Valladolid, 2011) ou Os Invisibles (Casa Salvador de Madariaga, A Coruña, 2010). Foi en dúas ocasións finalista do Premio Purificación García nas súas edicións de 2010 e 2008 e primeiro premio do Helen A Rose Bequest en 2007.

Accident, Fight #1, Farewell

2011
3 c-prints
263 x 203 cm. c/u

Para a construción das súas tres imaxes, Damián Ucieda primeiro compón os escenarios onde terán lugar as distintas accións: nunha especie de exercicio de decoro coa propia arquitectura da Cidade da Cultura de Galicia, superpón tres dos espazos máis emblemáticos da zona vella compostelá como son a Igrexa da Universidade, a Capela das Ánimas e o Hostal dos Reis Católicos, sobre a trama urbana do complexo do Gaiás. Os espazos resultantes convértense daquela en testemuñas de tres historias directamente inspiradas nas figuracións das construcións patrimoniais orixinais —respectivamente, o Retablo do Altar Maior, o Retablo n.º 1 e a Portada—.



ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS

4-9 de setembro de 2011
Cidade da Cultura de Galicia

O pasado mes de setembro a Cidade da Cultura de Galicia acolleu o I Encontro de Artistas Novos CIDADE DA CULTURA, onde 100 creadores aínda novos puideron compartir e debater sobre o posicionamento actual do artista e o devir da produción artística contemporánea. Tras o evento, os directores deste invitaron os participantes a presentar un proxecto que se incluíría en Inside. O resultado foi un proxecto colectivo, asinado polos 100 participantes e que leva por título Container Inside.

Container Inside

2011
Técnica mixta
Medidas variables

Container Inside xorde da necesidade, por parte dos participantes do I Encontro de Artistas Novos CIDADE DA CULTURA, de continuar a convivencia e o diálogo que durante aqueles catro días de setembro de 2011 se produciron. Catro días onde principalmente puxeron en común as preocupacións e arelas da creación contemporánea e o colectivo que a sustenta: o chamado ARTISTA NOVO ou EMERXENTE. Anexo á Biblioteca de Galicia, unha estrutura modular será sala de exposición e biblioteca e centro de documentación onde poder acceder ao material autoeditado ou ás propostas de autoxestión cultural dos cen creadores participantes na primeira edición do Encontro. Pero non só será lugar de consulta e difusión, senón que se erixe co claro obxectivo de ser lugar de reflexión vivo sobre as posibilidades de sustentabilidade da arte e os seus axentes que, tras o seu paso pola Cidade da Cultura de Galicia, viaxará a outras institucións ou centros culturais.

ANNA CARRERAS + RAMÓN ILLOBRE

1979, Barcelona, España
Vive e traballa en Barcelona, España

1981, Santiago de Compostela, España
Vive e traballa en Santiago de Compostela, España


Anna Carreras é enxeñeira de telecomunicacións especializada en informática aplicada aos medios audiovisuais. É membro do Grupo de Experimentación en Comunicación Interactiva da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, no que se centrou no uso de tecnoloxías interactivas a tempo real —realidade virtual, realidade aumentada ou interfaces físicas— como ferramenta de comunicación. Neste campo desenvolveu traballos para Cosmocaixa, Expo de Zaragoza ou o Fórum das Culturas de Barcelona.

Ramón Illobre comezou a súa carreira como programador en onolab en Madrid, onde pasou dous anos desenvolvendo campañas de comunicación e o portal de banda ancha de ono. En 2005 establécese por conta propia, traballando para clientes como SCPF, Base Design, Grey ou Cuatic e participa en proxectos para Audi, Coca-Cola, Honda, UOC ou Pilot, algúns deles premiados en recoñecidos festivais de publicidade como Cannes Lions-Internacional Festival of Creativity ou San Sebastián.

Fluxograma

2012
Técnica mixta
Medidas variables

A través deste proxecto, Anna Carreras e Ramón Illobre convidan ao visitante a converterse no primeiro artista en crear a súa obra a través dunha estación de debuxo táctil e expoñela nas paredes do seu novo edificio: o Museo de Galicia. Esta intervención bebe do movemento artístico FLUXUS, que destaca o aspecto efluyente dunhas obras que nacen e morren no mesmo lugar e momento no que se crean, dando como resultado unha actuación interactiva na que a participación do espectador é fundamental.



**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PATRONOS
FUNDACIÓN
GAIÁS**

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Campo

GADIS



**Astillero
BARRERAS
VIGO**

Estrella Galicia

R

MONBUS

**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

CREAR



**Gabinete de Comunicación da
Consellería de Cultura e Turismo
981 544806/ 545820
prensa.cultura.turismo@xunta.es**

